

**DR-01**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS**  
 (incluídas as de carácter extraordinario)

<b>DATOS DO/A SOLICITANTE</b>	DATOS DO NOVO SOLICITANTE			DNI/CIF
	Enderezo para efectos de notificación			Concello
	Código Postal	Teléfono 1	Teléfono 2	E-mail

<b>SOLICITUDE</b>	<b>Emprazamento do local:</b>  Emprazamento..... Nº..... Referencia catastral.....			
	<b>Descrición do espectáculo público ou actividade recreativa</b> (conforme ó Anexo do Decreto 124/2019, do 5 setembro, catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ó público da Comunidade Autónoma de Galicia)			
	CÓDIGO DO CATÁLOGO:..... AFORO:.....PERSOAS			
<b>ACTIVIDADE EXTRAORDINARIA (de ser o caso):</b>          DATA DE CELEBRACIÓN:..... Será necesaria a presentación de declaración responsable para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario que se desenvolvan esporadicamente en establecementos abertos ao público, suxeitos ao réxime de declaración responsable, legalmente habilitados para celebrar un espectáculo público ou actividade recreativa distinta da propia do establecemento, sempre e cando non requiran de plan de autoprotección ou de plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación. Deberán respectarse as condicións esenciais do título habilitante co que conte o local. Nestes casos, deberá presentarse a documentación prevista neste modelo DR-01 que resulte procedente tendo en conta as características do espectáculo ou actividade de carácter extraordinario. Así mesmo, haberá de dispor do seguro previsto na lexislación de espectáculos públicos e actividades recreativas				
Superficie total :		m2	Potencia mecánica	CV

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**, COMO TITULAR/ORGANIZADOR DO ESPECTÁCULO PÚBLICO/ACTIVIDADE RECREATIVA, que é certo o que manifesto, e que achego a seguinte documentación que acredita:

- Que non son precisas obras de acondicionamento do local para o desenvolvemento da espectáculo público ou actividade recreativa.
- Que non require de plan de autoprotección ou de plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación
- Que se cumpren todos os requisitos para o exercicio do espectáculo público ou actividade recreativa e que o local e as instalacións reúnen as condicións técnicas e de seguridade, funcionalidade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico e normativa sectorial aplicable
- Que a actividade conta coas autorizacións e informes sectoriais que resultan preceptivos para o seu exercicio
- Que conta coas autorizacións para a ocupación do dominio público ou sectoriais que resulten necesarias
- Que no caso de dispoñer de maquinaria, estará instalada sobre soportes antivibratorios e illada de paredes medianeiras
- Que a instalación eléctrica axústase ao Regulamento electrotécnico de baixa tensión
- Que se cumpren as condicións de illamento mínimas e os valores límites de inmisión e transmisión de ruído e vibracións consonte á lexislación e regulamentación vixentes
- Que a actividade dispón de extintores, iluminación de emerxencia, sinalización e demais condicións e instalacións de protección contra incendios segundo o disposto na normativa vixente.
- Que as instalacións cumpren cos regulamentos técnicos específicos das instalacións e normas fixadas no planeamento municipal
- Que a actividade cumpre coas normas de accesibilidade
- Que cumprirán os requisitos relativos ás medidas hixiénico-sanitarias
- Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos, de resultar esixible
- Que achega toda a documentación preceptiva

**DECLARO, ASÍ MESMO:**

- cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito exercicio (as actividades nocturnas e as diúrnas susceptibles de contaminación acústica que se desenvolvan no interior dun local disporán do correspondente certificado de illamento acústico do local expedido por empresa homologada, asinado por técnico competente)
- que ao tratarse dunha actividade de exercicio continuado, axustarase ás esixencias derivadas da nova normativa que resulte de aplicación, previa obtención das autorizacións, que no seu caso, resulten preceptivas para o seu exercicio.
- **Que iniciarei a actividade a partir do día\*.....(en caso de non indicar data entenderase a partires do mesmo día da presentación da instancia).**

*\* No caso de actividades extraordinarias indicarse na páxina nº 1 da solicitude.*

**ADVÉRTESE QUE** a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, así como a non presentación da declaración responsable ou da documentación requirida para acreditar o cumprimento de lo declarado, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade dende o momento no que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado (entre tres meses e un ano), todo isto, consonte aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación

O interesado **AUTORIZA e DÁ** o seu **CONSENTIMENTO** informado, libre e específico ó Concello de Ferrol para o tratamento dos datos persoais aquí reflectidos para actividades que son propias do mesmo, para o seguimento e xustificación da actividade no exercicio dos poderes públicos ostentados por esta Administración en aras de dar cumprimento ao interese xeral propugnado polo artigo 103 da CE en relación co disposto na Lei 39/2015, de 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O órgano responsable e encargado do tratamento é o Concello de Ferrol cuxa dirección é Praza de Armas, s/n, 15402 (Ferrol), todo ó que se informa ós efectos dos artigos 6 e 7 do Regulamento n.º 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (RXPd). Os datos proporcionados neste modelo normalizado e documentación anexa, pasarán a formar parte dun Rexistro do Concello de Ferrol (A Coruña), onde poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición (incluíndo expresamente a limitación do tratamento) dirixindo ao Concello solicitude neste eido. Así mesmo, informámoslle que o tratamento dos seus datos será realizado de acordo co disposto no RXPd.

## **Impreso DR-01 de declaración responsable de espectáculos públicos e actividades recreativas**

### **Datos identificativos do solicitante:**

- Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).

- Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

**Carta de pagamento:** será confeccionada no momento de presentación da comunicación previa polo Rexistro de Urbanismo (Edificio de Urbanismo, 3º andar).

**Fotocopia de alta na Declaración Censal no Imposto de Actividades Económicas (IAE)** (solicitarase na Axencia Tributaria, sita en Telleiras).

**Certificado de EMAFESA** xustificativo de que o local está dado de alta no servizo de subministración de auga potable para a actividade a desenvolver (solicitarase no local sito na Praza da Ilustración, 5-baixo). De ser o propietario do local o solicitante, poderá achegar a fotocopia do contrato de subministración de auga potable ao seu nome.

### **Autorizacións e informes sectoriais preceptivos.**

**Certificado de illamento acústico do local** expedido por empresa homologada, asinado por técnico/a competente da empresa homologada (PARA ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE CONTAMINACIÓN ACÚSTICA)

**Instalación de sonómetro homologado** co correspondente limitador, para locais de actividades susceptibles de contaminación acústica en edificacións de uso residencial

**Autorización, informe ou declaración ambiental** que proceda.

**Proxecto e documentación técnica** que resulte esixible segundo a natureza da actividade (Enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións a desenvolver, co contido e detalle que permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial de aplicación, e virán redactados e asinados por persoa técnica competente), incluíndo a memoria explicativa da actividade a desenvolver e planos acoutados en planta, alzado e sección, así como a xustificación da normativa de aplicación á actividade da que se trate (DB-SI, DB-SUA, sistema de ventilación, cumprimento da normativa acústica...)

**Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio**, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia\*, e o recibo de pago das primas correspondentes ó período do seguro en curso ou copia dos mesmos (*Disp.Trans. 3ª da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia*).

\* Conforme ó establecido no artigo 8 da *Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia*, a póliza de seguro deberá cubrir a responsabilidade civil que sexa imputada directa, solidaria ou subsidiariamente ás persoas titulares ou organizadoras e que cubra os danos persoais ou materiais e os prexuízos ocasionados a usuarios ou asistentes e os seus bens, producidos como consecuencia da xestión ou explotación da actividade ou das accións do persoal ou empresas subcontratadas.

**Documento acreditativo da dispoñibilidade do local público** ou espazo aberto ó público en calidade de propietarios/as ou arrendatarios/as u en virtude de calquera outro título xurídico (escritura de compravenda ou contrato de arrendamento, etc.)

**Documento acreditativo, asinado pola persoa interesada da designación da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto** e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa ós requisitos esixibles

**Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico competente** no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade

No seu caso, certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM) reguladas na Lei 9/2013.

**Reportaxe fotográfica**, incluíndo fotografías da totalidade de fachada e do interior do local, subscrita polo solicitante ou polo técnico competente redactor da documentación

**NO CASO DE REQUERIR A MONTAXE DE ESTRUCTURAS NON PERMANENTES DESMONTABLES, engadirá:**

- a) Documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica **da montaxe da instalación.**
- b) O **marcado CE** e a **declaración CE** de conformidade das instalacións e o **certificado da instalación** de baixa tensión de conexión coa rede.

DATA E SIGNATURA		Sinatura do/a solicitante
	Data da solicitude	
	Código da solicitude  DR-01	

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**